

## **ORDENANZA Nº 37 REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE CELEBRACIÓN DE VODAS CIVÍS.**

### **Artigo 1.- Fundamento e natureza.**

De conformidade co previsto no artigo 57, en relación co artigo 20.1.B), do R.D. lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o concello de Mondoñedo establece a taxa pola prestación do servizo de celebración de vodas civís.

### **Artigo 2.- Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa iniciada e desenvolvida con motivo da prestación do servizo de matrimonios civís nas dependencias municipais.

### **Artigo 3.- Suxeitos pasivos.**

Son suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas que soliciten a súa celebración e que se lles preste o servizo de matrimonio civil.

### **Artigo 4.- Responsables.**

A responsabilidade tributaria será asumida nos termos establecidos no artigo 41 da Lei 58/2003, Xeral tributaria.

Serán responsables solidarios ou subsidiarios, as persoas ou entidades a que se refiren respectivamente, os artigos 42 e 43 da Lei Xeral tributaria, sen prexuízo de que as leis establezan outros supostos de responsabilidade solidaria e subsidiaria distintos aos previstos nos preceptos citados.

[procedemento para declarar e esixir a responsabilidade solidaria o subsidiaria será o previsto, respectivamente, nos artigos 175 e 176 da Lei Xeral Tributaria.](#)

### **Artigo 5.- Cota tributaria.**

A cota tributaria será de 100 €.

### **Artigo 6.- Exencións e bonificacións**

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da presente Taxa, agás as expresamente previstas nas normas con rango de lei ou as derivadas de aplicación de tratados internacionais.

### **Artigo 7.- Devengo.**

A taxa devengarase no momento en que se solicite a prestación do servizo.

### **Artigo 8.- Normas de xestión.**

Establécese o réxime de autoliquidación na xestión do cobro da taxa. O ingreso da mesma efectuarase xunto coa solicitude da prestación do servizo. Non se tramitará ningunha solicitude na que non se acredite, previamente, o pago da taxa.

Os suxeitos pasivos terán dereito á devolución do 50 po 100 do importe da taxa cando a cerimonia do matrimonio civil non se puidese celebrar por causas imputables aos mesmos.

**Artigo 9.- Infraccións e sancións tributarias.**

En todo o relativo a infraccións e sancións tributarias, estarase ao disposto no artigo 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

**Disposición final.**

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Dilixencia.- Para facer constar que a presente ordenanza foi publicada definitivamente no B.O. P nº 77 de 2 de abril do 2012.